

## **Convocatoria de prazas en centros residenciais docentes para estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2024/2025. (Orde 23 de maio de 2024)**

Podedes solicitar praza en centros residenciais docentes de Vigo, A Coruña e Ourense si decidides facer estudos postobrigatorios non universitarios (Bacharelato ou Ciclos Formativos de Formación Profesional) e non tedes oferta educativa na vosa localidade ou o desprazamento ata o instituto onde se ofertan supón serias dificultades pola falta ou dificultade da conexión nos desprazamentos.

Unha vez que aportedes os documentos e a información que se vos esixe haberá unha comisión de valoración que en función da puntuación de cada solicitante nos distintos puntos do baremo: notas académicas no curso actual, umbrais de renda familiar, datos demográficos do concello, etc, ponderará as puntuacións para calcular a puntuación definitiva respecto á adxudicación da praza.

Na propia orde establécese os criterios económicos (umbral de renda) para que a praza residencial sexa totalmente gratuíta ou se acceda a unha praza bonificada.

O prazo de presentación de solicitudes será:

-Para o alumnado matriculado en bachelato, entre o día seguinte a publicación desta convocatoria e o 19 de xullo de 2024 (incluído)

-Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, entre o día seguinte a publicación desta convocatoria e o 2 de agosto de 2024 (este incluído)

Os formularios poden descargarse na sede electrónica da consellería. A documentación complementaria presentarse preferentemente por vía electrónica.

O día 22 de agosto publicarase o listado provisional a través da páxina web da consellería. Existen 5 días para presentar reclamación ante a comisión de valoración.

O día 30 de agosto publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e listas de excluídos.

No caso de haber prazas dispoñibles haberá un período extraordinario para presentar solicitudes entre o 2 e 6 de setembro de 2024.

Existen unha serie de condicións que está recollidas na orde onde se fala das obrigacións das persoas residentes e as causas da perda de prazas.